



Expte.: 11.694-224

**Asunto:** valoración da oferta presentada para a contratación de servizos do Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da Rede Municipal de Vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero

### INFORME DA PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA

Emítase o seguinte informe coa valoración da oferta presentada para a contratación da xestión do Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da Rede Municipal de Vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero. Expediente: 11.694-224

Procedemento de contratación: aberto simplificado

Tramitación: ordinaria

Licitadoras presentadas: FUNDACIÓN ALDABA

Data de apertura da proposición avaliable mediante fórmula: 04/11/2022

I.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión do 4 de novembro de 2022, procedeu á apertura do Sobre B: proposición avaliable a través de fórmula. A continuación, o Servizo de Contratación remite ao Servizo de Igualdade a documentación coa oferta presentada para este contrato para a súa valoración.

É obxecto de valoración a oferta da única entidade presentada a este procedemento:

FUNDACIÓN ALDABA CIF G82453606

II.- As FEC (Follas de características do contrato) do PCAP (Prego de cláusulas administrativas), aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 29.09.2022, recolle os seguintes apartados:

- O apartado 6.B) establece o modelo para a presentación avaliable mediante fórmula.

- O apartado 7.B) establece os seguintes criterios que serán avaliables mediante fórmula:

1. *Redución do prezo: valorarase con ata 45 puntos*

2. *Mayor experiencia laboral dos medios persoais adscritos ao servizo: valorarase con ata un máximo de 15 puntos.*

3. *Mayor formación en materia de Igualdade dos medios persoais adscritos ao servizo: valorarase con ata un máximo de 15 puntos.*

- O apartado 7.D) establece os "criterios para determinar que a oferta contén valores anormais", conforme coa cláusula 18 do PCAP: *son ofertas anormalmente baixas aquelas ofertas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.*

- A cláusula 16.3 do PCAP establece que as fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. *As ofertas que conteñan valores anormais de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/11/2022 13:45	Páxina 1 de 2
11694-224	CSV: ABADB5-4HC38H-2B87DC-CXJ8WC-NN2SJN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



III.- Examinada a documentación presentada pola licitadora, compróbase o seguinte:

1º A licitadora presenta a súa oferta conforme co modelo de proposición establecido no apartado 6.B das FEC.

2º Non se aprecia que a oferta presente valores anormais, conforme co establecido no apartado 7.D das FEC e na cláusula 18 do PCAP.

3º Dado que tan só existe unha licitadora admitida, outórgaselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula, conforme co apartado 7.B) das FEC e a cláusula 16.3 do PCAP.

A puntuación outorgada recóllese no seguinte cadro:

LICITADORA: FUNDACIÓN ALDABA	Puntos
Redución do prezo	45
Maior experiencia laboral dos medios persoais adscritos ao servizo	15
Maior formación en materia de Igualdade dos medios persoais adscritos ao servizo	15
<b>PUNTUACIÓN TOTAL (CRITERIOS FÓRMULA):</b>	<b>75</b>

A proposición avaliable mediante fórmula presentada por “FUNDACIÓN ALDABA” acada unha puntuación total de 75 puntos.

IV.- Tendo en conta a puntuación outorgada a esta licitadora nos criterios avaliables mediante xuízo de valor no informe asinado pola axente de igualdade e a xefa do Servizo de Igualdade en data 25/10/2022 (20 puntos), a puntuación total é a seguinte:

LICITADORA: FUNDACIÓN ALDABA	Puntos
Criterios avaliables mediante xuízo de valor	20
Criterios avaliables mediante fórmula	75
<b>PUNTUACIÓN TOTAL (FÓRMULA +XUÍZO VALOR):</b>	<b>95</b>

A proposición presentada pola Fundación Aldaba acada unha **puntuación total de 95 puntos**.

V.- Polo tanto, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no PCAP, a **proposta de clasificación** en orde decrecente da proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da Rede Municipal de Vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero é a seguinte:

**1- FUNDACIÓN ALDABA CIF G82453606**

Vigo, na data de sinatura dixital

A axente de igualdade de oportunidades; Mar Soto García

A xefa do Servizo de Igualdade; Cristina Gómez García



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/11/2022 13:45	Páxina 2 de 2
11694-224	CSV: ABADB5-4HC38H-2B87DC-CXJ8WC-NN2SJN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		